

## EXECUTIVIDADE DAS RESOLUCIÓNS SANCIONADORAS: EFECTOS POLA PENDENCIA DUN RECURSO ADMINISTRATIVO.

AUTOR: Santiago Valencia Vila.  
LETRADO DA XUNTA DE GALICIA.

*Xefe do Gabinete de Asuntos Constitucionais e Defensa Xurisdiccional.*

**N**on pretende ser esta reflexión unha disertación teórica sobre a temática da executividade das resolucións administrativas. Seguindo a filosofía desta revista, pretendo dar unha visión práctica sobre a problemática que se está a presentar no día a día dos operadores do dereito administrativo, verbo da execución das sancións administrativas.

Para sermos coherentes con tal declaración de principios prescindimos, deliberadamente, de introducirmos no debate dogmático da diferenza conceptual entre executividade e executoriedade das resolucións administrativas. Xuristas de moita máis capacidade de análise abordaron tal cuestión que, para os efectos deste estudo, só serviría para distraernos desa visión práctica anunciada. Abonda con dicir que, maioritariamente, se entende por executividade o privilexio dos actos administrativos de produciren efectos xurídicos en por si, e executoriedade á potencialidade dos actos, sobre todo os de gravame, de seren executados de forma forzosa.

Debemos partir dunhas consideracións iniciais que, non por sabidas, evitamos enunciar para un óptimo encadramento da cuestión.

As resolucións administrativas son executivas desde que se ditan, e os recursos administrativos que se interpoñan contra estas non suspenden esa executividade (arts. 57 e 111 Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; Lei 30/92, en diante). Tampouco a interposición do recurso contencioso-administrativo impide a execución dos actos administrativos. Por suposto, tanto na tramitación dos recursos administrativos como dos contencioso-administrativos pode solicitarse e concederse a medida cautelar suspensiva da executividade do acto administrativo.

No caso das resolucións sancionadoras, existen especialidades en relación ás regras que, con carácter xeral, acabamos de enunciar. A que aquí analizaremos é a referida a que eses actos administrativos só teñen capacidade executiva cando poñen fin á vía administrativa. Dado a esencialidade de tal aspecto para este estudo, debemos reproducir o precepto que tal cualidade establece.

O art. 138.3 L. 30/92 recolle:

*"3. A resolución será executiva cando poña fin á vía administrativa.*

*Na resolución adoptaránse, de ser o caso, as disposicións cautelares precisas para garantir a súa eficacia mentres non sexa executiva"*

Poderíamos aquí abrir unha ventá a unha nova discusión teórica sobre as diferenzas entre un acto que esgota a vía administrativa e un acto firme en vía administrativa, e entrar no debate de se a terminoloxía utilizada nese precepto é a máis axeitada, mais apenas achegaría beneficios para esta análise. Só pretendemos deixar constancia de que se considera que un acto que pon fin á vía administrativa cando xa non caben recursos administrativos fronte a el, e un acto é firme cando non

cabem recursos. Sutil diferenza de nula transcendencia para o noso cometido, pois en ambos os casos a resolución é executiva. De feito, por exemplo, o artigo 132.3 Lei 30/92 liga o inicio do prazo de prescrición das sancións á firmeza da resolución sancionadora.

Unha última consideración é oportuna antes de entrarmos nos supostos concretos que se van estudar. Cremos poder soste que a execución dunha resolución administrativa, incluída a sancionadora, non é un dereito da Administración, senón unha obriga, non só polo seu deber de adecuar a súa actuación a dereito, e de culminar a protección aos bens xurídicos protexidos coas resolucións administrativas, senón porque a Lei 29/98, da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA, en diante) configura a existencia de tal execución como un dereito, ao recoller un recurso onde se pode denunciar a inactividade, precisamente executiva, da Administración; art. 29 LXCA. Outra disertación teórica podería facernos deter nesta reflexión, aínda que aquí abonda con lembrar que a inactividade da Administración pode ser xudicialmente denunciada tanto polos destinatarios dos actos como polos simples afectados por el, ao abeiro, isto último, do segundo parágrafo do artigo 29 LXCA (outra vez, deliberadamente, prescindimos de abordar o interesante tema do eido de aplicación de cada parágrafo dese artigo).

Entremos, agora si, na problemática da executividade das resolucións sancionadoras, en relación á pendencia dos recursos administrativos.

## EFFECTOS DO NON-ESGOTAMENTO DA VÍA ADMINISTRATIVA: a pendencia dos recursos administrativos

Se seguimos a literalidade do art. 138.3 da Lei 30/92, concretamente a súa literalidade *a sensu contrario*, poderíamos concluír, sen temor a expresar unha falacia, que a resolución sancionadora que aínda non esgotou a vía administrativa non é executiva, para todos os efectos. Dito con outras verbas, non se pode executar.

Esta manifestación debería radicalizarse máis tras a Lei 4/99, do 13 de xaneiro, de reforma da Lei 30/92, pois ese esgotamento da vía administrativa xa non se pode producir por silencio negativo, isto é, por exemplo, pola desestimación presunta dun recurso de alzada.

Deteñámonos un momento nesta evolución legislativa, de incidencia para a nosa análise. Antes da reforma da Lei 4/99, a Lei 30/92 concibía o silencio como un verdadeiro acto, que aínda que presunto, unha vez acadada a certificación da súa existencia, implicaba os mesmos efectos que a resolución expresa. Así, por exemplo, transcorridos tres meses desde a interposición do recurso ordinario, que é o actual recurso de alzada, estaríamos ante un acto firme executivo, sobre o que se podería, entón, presentar un recurso contencioso de inactividade para obrigar a Administración á súa execución. As dúbidas podían xurdir cando non se obtivese a certificación de acto presunto. Neste punto existía xurisprudencia contraditoria. Algunhas sentenzas aludían a que a eficacia do acto presunto requiría desa certificación (S. TSX La Rioja, do 19-1-1998), o que era negada por outras, sobre todo no caso da desestimación presunta dos recursos administrativos (S. TSX. de Castilla-León, do 12-6-1997).

Coa Lei 4/99 a transformación é moi importante. O silencio desestimatorio xa non implica un acto, só unha simple ficción para poder acudir á xurisdición contenciosa. Por isto, non ten máis valor que servir de chave para abrir a vía contenciosa. Isto significa que mentres que estea pendente a resolución ao recurso de alzada presentado contra un acto sancionador, este non tería esgotado a vía administrativa e non se podería executar.

Esta construción, non cuestionable *a priori*, é matizada pola xurisprudencia nos casos que relataremos. A idea subxacente en todas estas decisións xudiciais é que esa falta de esgotamento da vía administrativa non pode ser en beneficio da Administración, cando esta incumpriu os seus deberes resolutivos, ou en correlativo prexuízo do cidadán afectado. O pensamento, máis ou menos explícito dos tribunais, é que se a Administración ten sempre a obriga de resolver: art. 42 Lei 30/92. O incumprimento desta, cando transcorre o prazo para terse realizado, non pode impedir que aquela executividade, artificiosamente coartada, prexudique o afectado. Permitásenos soste que con iso se apoia a reflexión antes apuntada de que a execución dun acto non é unha posibilidade para a Administración, senón unha obriga, e, sendo coherentes con tal pensamento, un dereito do beneficiado desta. Aquela liña xurisprudencial trata de equilibrar as garantías do cidadán fronte á potestade sancionadora da Administración, posición razoable tendo en conta que estamos ante un exercicio de gravame para os particulares.

Tal liña de pensamento non é illada na xurisprudencia. En efecto, existen máis exemplos onde se *castiga* a Administración por non resolver expresamente. Ademais da plasmación normativa do silencio positivo como regra xeral, o Tribunal Constitucional, por exemplo e en varias ocasións, equiparou a falta de resolución expresa cunha notificación defectuosa, o que deixaría indefinidamente aberta a posibilidade da impugnación administrativa e xudicial ( por todas, a máis recente do 15 de decembro de 2003, nº 220/03).

O primeiro caso que hai que resolver aquí é aquel que se cuestiona se pasados tres meses sen que se resolvese o recurso de alzada contra unha resolución sancionadora, comeza o prazo de prescrición da sanción.

O criterio legal sobre o *dies a quo* deste prazo é o reflectido no artigo 132.3 Lei 30/92, ao expresar:

*" O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción "*

Se analizamos a xurisprudencia máis antiga, atopamos as sentenzas do Tribunal Supremo do 27 de maio de 1992 ( RX 1999/3729) ou do 30 de novembro de 1993 (RX 1993/8266) que consideran que a prescrición só comeza coa desestimación expresa. Tal xurisprudencia é relevante pois, pola data destas resolucións, podemos dicir que non aplicaban aínda a Lei 30/92, e na lexislación anterior, Lei da xurisdición contencioso-administrativa do 27-12-1956 e Lei de procedemento administrativo do 17 de xullo de 1958, o silencio, igual que nestes momentos, só era unha ficción para acudir á vía xudicial, non un acto. A primeira desas sentenzas explicaba:

*"La prescrición en materia sancionadora con relación a las infracciones administrativas imputadas implica la presunción, por configuración legal o reglamentaria, del abandono por parte de la Administración competente de la actuación en el caso concreto de su potestad sancionadora, abandono inferido del transcurso de plazos determinados sin ejercitar dicha potestad. Mas es claro de todo punto, que tal abandono, y su obligada consecuencia de extinguir la persecución de la infracción, se produce en la vía administrativa dirigida producir el acto administrativo sancionador, es decir, en el expediente administrativo incoado, en virtud de denuncia, para reprochar el ilícito cometido. Solamente cuando en el seno de dicho procedimiento se produzca una inactividad administrativa por plazo superior al señalado como de prescrición podrá decirse que la potestad sancionadora se ha extinguido o decaído, pero lo que no cabe en modo alguno es trasladar el plazo prescriptivo a la vía administrativa de recursos frente a una resolución sancionadora impuesta en expediente en cuyo recurso no existió tal inactividad, como es aquí el caso. En tal supuesto la Administración ha perseguido oportunamente la infracción y la ha sancionado, sin incurrir en abandono prescriptivo, y lo acontecido después, en cuanto a tardanza en resolver el*

*recurso de alzada y el ulterior de reposición potestativa, en nada afecta a la prescripción de la infracción pues la vía de recurso se orienta no a perseguir la infracción sino, simplemente, a determinar si el Organo jerárquicamente inferior actuó con arreglo al Ordenamiento jurídico y procede mantener, revocar o modificar el acuerdo originario, es decir, se trata de una revisión en sede administrativa de actos producidos por Organos inferiores (recurso de alzada) o por el mismo Organo (recurso de reposición). La demora en la resolución expresa de los recursos dará lugar a la ficción del silencio negativo o desestimatorio que permita la impugnación jurisdiccional del acto presunto, pero no utilizada esta posibilidad, como aquí ocurrió, la resolución expresa tardía podrá tener otras consecuencias en el ámbito de la responsabilidad, pero no dará lugar a una prescripción de la infracción, cuando ésta no se ha producido en su ámbito propio, es decir, en el expediente sancionador que finaliza y culmina con la resolución que impone la sanción. No cabe, por tanto, configurar la vía de recurso como una prolongación del expediente administrativo, sino como un plano supraordenado al expediente conducente a la revisión de los actos que pusieron fin al mismo."*

Non opinan así sentenzas máis actuais dalgún Tribunal Superior de Xustiza. Por exemplo, a S. TSX de Andalucía, Sevilla, do 23 de marzo de 2000, RXCA 2000/938. Polas datas das resolucións administrativas analizadas na dita sentenza, estaría aplicando a Lei 30/92 antes da reforma de 1999, isto é, onde o silencio implicaba un verdadeiro acto, o que faría sostible a súa conclusión, aínda que non recorre a esta para apreciar a prescripción da sanción:

*"La firmeza a que alude el artículo examinado es la que se produce en vía administrativa, y cuando se trata de decisiones contra las que se ha interpuesto recurso, el precepto quedaría vulnerado e imposibilitada la prescripción de la sanción si entendiéramos que ésta sólo empieza a correr cuando la Administración decida resolverlo de modo expreso. Bastaría no resolver expresamente para que nunca se pudiera acudir a la prescripción de la sanción. Debe entenderse, en consecuencia, que la resolución de instancia queda «firme» en vía administrativa -con más propiedad habría que hablar de resolución definitiva o que agota la vía previa- cuando transcurre el plazo que la Ley contempla para resolver el recurso, pues a partir de ese momento se permite también su impugnación jurisdiccional. En otras palabras, interpuesto el recurso contra una sanción administrativa, el «dies a quo» para el cómputo de la prescripción fue, en el caso que nos ocupa, el previsto en el artículo 117 de la LRJ-PAC 30/1992 (RCL 1992, 2512, 2775 y RCL 1993, 246) «transcurridos tres meses desde la interposición del recurso ordinario sin que recaiga resolución, se podrá entender desestimado... y quedará expedita la vía procedente».*

Centrados nos órganos xurisdicionais contenciosos galegos, observamos tamén unha falta de uniformidade, sempre contraria á seguridade xurídica. As seguintes resolucións xudiciais foron decretadas aplicando a reforma da Lei 4/99.

Por exemplo, a Sentenza do 6 de novembro de 2002, P.A 491/2002, do Xulgado Contencioso nº 1 de Ourense, acolle a liña de que só a desestimación expresa do recurso de alzada permite comezar o prazo de prescripción da sanción, reproducindo xurisprudencia do Tribunal Supremo que, isto é importante, estaba aplicando a normativa previa á Lei 30/92:

*" La tesis de la actora no puede prosperar. En efecto, la línea discursiva de la recurrente pasa por entender que la firmeza de la sanción se produce desde que transcurren tres meses desde que se interpuso el recurso administrativo, pero ese planteamiento no es acertado. La posibilidad que se comience a producir el plazo de prescripción de la sanción, en la forma prevista en el artículo 132 de la Ley del PAC y RJAP depende de que aquella sea firme lo que implica que no quepa contra ella recurso ni en vía administrativa ni en contenciosa. Pues bien esto no acontece cuando transcurren tres meses desde la interposición del recurso ordinario, tal y como pretende en recurrente en apli-*

*cación de lo previsto en el artículo 115 de la Ley del PAC y RJAP, ya que este precepto tan solo establece una ficción jurídica de silencio administrativo a los efectos de abrir al administrado la posibilidad de acudir a la vía jurisdiccional pero que de ninguna de las maneras puede producir el efecto pretendido de causar estado o firmeza en vía administrativa, y la prueba de ello es que la administración en cualquier momento puede ditar resolución extemporánea, tal y como prevé la propia Ley jurisdiccional en su artículo 36.4, resolución extemporánea que difícilmente se podría ditar de ser el acto presunto capaz de producir el fin de la vía administrativa. Por el contrario el acto administrativo de la sanción en vía administrativa se ha ditado y está pendiente de revisión en la propia vía administrativa, no pudiendo computarse el plazo de la prescripción de la sanción hasta en tanto no haya causado estado, que es cuando será ejecutiva - artículo 138.3- no antes que no puede ser ejecutada.*

*El propio Tribunal Supremo ha confirmado esta doctrina en varias sentencias, entre otras las de 22 de junio de 1998, 23 de junio de 1997 o 27 de mayo de 1992..."*

No sentido contrario, a S. TSXG do 5 de marzo de 2003, rec. 1/898/02, XUR 2003\266929, deslexitima tal posición, aínda que parece que para esta o prazo prescristivo só comeza pasados os tres meses para resolver o recurso administrativo, e tamén os seis meses para acudir á xurisdición contenciosa contra a desestimación presunta:

*"El hecho de que el interesado, transcurridos tres meses, desde la interposición del recurso ordinario, no acuda a la vía jurisdiccional dentro de los seis meses que previene el artículo 46 de la Ley Jurisdiccional, persistiendo la Administración en su silencio en relación con el recurso ordinario pendiente de resolución, no puede impedir que agotados aquellos tres meses y los seis meses aludidos para acudir a la Jurisdicción, empiece el transcurso del plazo prescristivo de la sanción impuesta e impugnada en el recurso ordinario; todo ello en virtud del principio de seguridad jurídica (artículo 9.3 de la Constitución española) que resultaría vulnerado en los casos de silencio de la Administración y retraso en la resolución expresa de los recursos administrativos interpuestos contra sus resoluciones sancionadoras más allá de los plazos prescristivos legalmente establecidos para las sanciones."*

A conclusión é que a non-resolución do recurso de alzada contra unha resolución sancionadora en prazo fai incorrer no risco de que se entenda que comezou o prazo de prescristión da sanción. Como remate deste punto, podemos expresar que tecnicamente é máis axustada á literalidade dos preceptos aplicables a doutrina que restrinxe o comezo do prazo prescristivo, ligandoo á resolución expresa, aínda que tal liña pode dar situacións abusivas cara aos dereitos dos cidadáns pola pedencia da potestade sancionadora, que é o que trata de emendar a outra liña descrita, na busca dun equilibrio entre ese poder punitivo público e a situación de inferioridade do sometido a el.

O seguinte suposto que nos interesa analizar é o de se estando pendente a resolución desestimatoria dun recurso de alzada contra o acto sancionador, pode, o beneficiado por este, presentar un recurso contencioso por inactividade da Administración e acadar a condena de que esta execute tal sanción. Un caso paradigmático, que nos serve para analizar esta problemática, é o do denunciante cuxa denuncia motivou unha resolución sancionadora sobre a que o sancionado presentou recurso de alzada que, transcorridos os tres meses, aínda non se resolveu.

Tal suposto presenta algúns problemas procesuais sobre os que pasaremos con rapidez. En primeiro lugar, a vía xudicial que se debería utilizar sería a do número 2 do art. 29 LXCA, que ampara a denuncia de inactividade a calquera afectado pola non-execución, o que permite resolver o problema da lexitimación do denunciante, que estaría aínda máis cuberta en supostos onde existe unha acción pública (p.ex. urbanismo).

Dito isto, trátase de resolver se aquel que pode obter un beneficio ou evitar un prexuízo pola execución dunha sanción sobre a que non se esgotou a vía administrativa, por non estar resolto o recurso administrativo, pode acadar unha resolución xudicial que condene a Administración a que execute tal sanción.

En sentido escrito, a inactividade primeira que se debía resolver sería a de non ter resolto o recurso de alzada, polo que, tecnicamente, a condena debería ser a de obrigar a resolución expresa do recurso de alzada, que lembramos que pode estimar o recurso do sancionado e revogar a sanción que se vai executar.

En liña co que acabamos de mencionar é oportuno achegar que, incluso, existiron casos en que a Sala do Contencioso do TSXG afirma que *"los actos firmes a los que se refiere el artículo 29.2 de la Ley 29/98 son los expresos, no los presuntos"* (Auto do 7 de febreiro de 2003, rec. 2/4988/02). Se ese pensamento fose estimado, habería que determinar qué é o que se executa nos casos de desestimación presunta dos recursos contra as resolucións administrativas. De entenderse que é a resolución sancionadora orixinaria, expresa, tal impedimento non desvirtuaría a utilización desta vía xurisdiccional da inactividade.

Agora ben, non é difícil supoñer que o concreto xulgador non se perda en discusións como as presentadas e trate de resolver definitivamente a cuestión, obrigando a executar a sanción á Administración. Influiría, sexa psicoloxicamente, no tribunal o prexuízo que, no caso concreto, ese silencio negativo lle estea a ocasionar a este accionante e a lexitimidade da súa posición.

A ningún se lle escapa os problemas dunha condena como esta última, pois aquí o reclamante contra a inactividade pide unha condena en que o principal prexudicado non é a Administración, senón o sancionado que, cando menos, debería ser chamado a este proceso.

Para complicar aínda máis esta problemática, pensemos no suposto en que a resolución impón unha multa e a orde de repoñer ao estado físico ao seu estado orixinal. En sentido técnico, só a primeira é unha sanción, condición ausente na obriga de restituír as cousas ao seu estado anterior (por todas, SSTS do 7-10-2002 e 21-2-2000). Seguindo con tal liña, a falta de resolución sobre o recurso administrativo só debería, de ser o caso, afectar a executividade da multa, non a da orde de reposición ao seu estado anterior, sobre a que se podería denunciar a inactividade da Administración. Isto implica soste a separación, naquela resolución sancionadora, das dúas condenas establecidas, multa e reposición ao estado anterior. Tal separación é defendida, por exemplo, nas sentenzas que consideran que a invalidez da multa ou sanción non afecta a obriga do sancionado de efectuar esa restitución do medio alterado, condena, por tanto, que pervive (por exemplo, S. TSXG do 18 de decembro de 2003, rec. 2/4338/00, en materia de costas).

O suposto enunciado deuse, por exemplo, no caso que resolveu a Sentenza do 28 de novembro de 2000, P.A 268/00, do Xulgado do Contencioso nº 2 de Pontevedra. A Xunta de Galicia dítara unha resolución sancionadora pola existencia de obras ilegais na zona de servidume de costas, consistente en multa e reposición ao estado orixinal. Fronte a esta, o sancionado interpuxo o recurso de alzada, non resolto aínda cando xa transcorrera o prazo para isto. Destacamos que o expediente non fora afectado pola reforma da Lei 4/99. Un veciño e contiguo a tales obras (non se expresa que fora o denunciante) denuncia a inactividade de execución e solicita que se condene á execución subsidiaria, a cargo da Administración, para a reposición do medio. O letrado da Xunta de Galicia, na súa obriga de defensa, esgrimiu correctamente os problemas aquí enunciados: falta de lexitimación activa, e non existencia dunha sanción executiva por non ser firme en vía administrativa, incluíndo a falta de certificación do acto presunto. A sentenza ratifica a lexitimidade do demandante pola acción pública na materia e porque *" como vecino y colindante de las obras no cabe duda que tiene*

*interés legítimo, actual y real para el ejercicio de la acción que pretende.* O tema da executividade da resolución, ante o silencio negativo existente, non está resolto coa profundidade que pretenderíamos, aínda que resaltamos que a condena foi a de obrigar a Administración autonómica a *"la ejecución subsidiaria de la ejecución sancionadora y restauradora recaída en el mencionado expediente"*. Antes expresara:

*"En cuanto a la oposición de la Admón. Porque considera que el acto administrativo no es firme y no se ha agotado la vía administrativa, ha de correr la misma suerte que la anterior excepción puesto que no se trata de actos de mero trámite sino de actos firmes y decididos, con los que se pretende la restauración de la ilegalidad cometida ya que los mismos deciden directamente el fondo del asunto, poniendo término a la vía administrativa, siendo además la naturaleza de los mismos de carácter ejecutivo y correspondiendo a la Admón. Su ejecución conforme a los artículos 94 y siguientes de la jurisdicción contenciosa administrativa.*

*A mayor abundamiento el artículo 29.2 de la Ley Jurisdiccional permite a los afectados, en este caso el recurrente que denunció los hechos y fue parte en el expediente administrativo, solicitar la ejecución y si esta no se produce en el plazo de un mes, formular el correspondiente recurso contencioso administrativo, no siendo además necesario para estos casos la necesidad de la certificación de acto presunto"*

Parece, entón, que acolle o que antes explicamos de que a reposición do medio alterado non se ve afectado pola falta de resolución expresa do recurso administrativo. En realidade, como xa vimos, a defensa da executividade de toda a resolución era defendible pola consideración do acto presunto previo á Lei 4/99. Tamén esa sentenza afirma que a falta da certificación de acto presunto non afecta a executividade.

Cómpre deixar tamén constancia da Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo do 15 de outubro de 2002, P.A 475/01, que considerou que se pode reclamar a execución subsidiaria da Administración, aínda que esta estea a impoñer, en exercicio de tal execución, multas coercitivas contra o sancionado resistente ao cumprimento, de apreciarse a ineficacia destas para acadar a realización do acordado.

Ata o de agora falamos dun esgotamento da vía administrativa identificádo coa resolución do recurso de alzada. Agora ben, pode darse o caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, xerando a dúbida de se a pendencia desa impugnación, lembremos, de carácter potestativa, impide a executividade das resolucións sancionadoras.

Este suposto presentouse perante a Sala do Contencioso do TSXG cando se impugnou unha resolución do Comité de Xustiza Deportiva contrario á suspensión dun acordo de tal comité que implicaba o impedimento de participar en competencias deportivas. O afectado recorreu contra esa denegación da suspensión en vía administrativa, solicitando na vía contenciosa esa mesma suspensión, resolvendo a Sala por Auto do 22 de xuño de 2001, rec. 1/545/01 (ratificado en súplica por Auto do 12 de novembro de 2001, que non achega nada novo), que ese recurso potestativo tamén impide a executividade da sanción:

*"...conviene poner de manifiesto que respecto a la ejecutividad la materia sancionadora tiene un régimen especial en el artículo 138 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, en tanto que en su apartado 3 establece que la resolución administrativa será ejecutiva cuando ponga fin a la vía administrativa, lo que, llevada al caso presente, significa que al haberse admitido a trámite el recurso de reposición contra el acuerdo del Comité Galego de Xustiza Deportiva de 5 de marzo de 2001, éste todavía no era firme,*

*por lo que entretanto la administración no podía ejecutar la resolución dictada, sin que sea admisible el argumento del Letrado de la Xunta de que el carácter potestativo del recurso."*